

CONVOCATORIA PARA O ANO 2026 DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL E PARA A INSERCIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE ARTEIXO

ARTIGO 1.-OBXECTO

Mediante esta disposición convócanse as axudas de Emerxencia social e para a inserción social, destinadas a paliar unha situación gravemente deteriorada, de urxente necesidade ou con graves problemas específicos que afecten á autonomía persoal, social e económica, que non pode ser resolta con recursos ou medios económicos propios, co fin de lograr o seu normal desenvolvemento humano e social.

As persoas beneficiarias deberán cumprir os requisitos establecidos nas BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL (AES) publicadas no BOP nº 8 de 14 de xaneiro de 2025.

Tendo en conta o obxecto e a finalidade destas axudas, o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ARTIGO 2.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación estará aberto ao longo do ano 2026.

As solicitudes presentaranse a través do formulario normalizado, acompañadas da documentación preceptiva.

ARTIGO 3.- CRÉDITO

O importe total destinado a estas subvencións é de 135.000,00€ e faranse efectivas con cargo á aplicación 231.48903 do Orzamento municipal de 2026, quedando condicionada a súa concesión á existencia de crédito axeitado e suficiente.

ARTIGO 4.- REQUISITOS

1. Ter 18 anos cumpridos ou estar emancipado ou emancipada.
2. Contar con permiso, autorización de residencia e/ou traballo neste país.
3. Ter residencia efectiva neste Concello durante os **doce meses anteriores** á presentación da solicitude.
4. Que os gastos para os que se solicita axuda, sexan valorados polo persoal do Departamento de Servizos Sociais, como indispensables para a prevención da marxinação.
5. Contar cun proxecto de Intervención social, Inclusión ou Educación Familiar neste Concello, así como participar activamente no seu desenvolvemento.

6. Pertencer a un colectivo en situación de vulnerabilidade social, violencia de xénero ou calquera outra circunstancia de risco ou vulnerabilidade social, valorada como tal, polo persoal técnico do Departamento de S. Sociais.

7. Acreditar recursos económicos insuficientes na unidade familiar, para a satisfacción da necesidade para a que se solicita axuda.

ARTIGO 5.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO E RESOLUCIÓN

A instrución do procedemento corresponde ao Departamento de Servizos Sociais do Concello de Arteixo. Corresponde á Concelleira Delegada en materia de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, a súa concesión ou desestimación.

ARTIGO 6.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A SOLICITUDE DAS AXUDAS

1. Solicitud, segundo modelo normalizado do Concello de Arteixo.
2. Orixinal do DNI, TIE da solicitante e dos membros da unidade familiar que o posúan.
3. No suposto de persoas estranxeiras, tarxeta de asilo ou refuxio ou calquera outro documento que permita acreditar a súa identidade e a súa estadía legal no país.
4. Orixinal do Libro de Familia, ou documento equivalente.
5. Documentación que acredite os ingresos económicos e/ou recursos patrimoniais, de todos os membros da unidade familiar ou de convivencia.
6. Tarxeta actualizada de demandante de emprego se é o caso.
7. Documentos acreditativos da situación de necesidade.
8. Calquera outra documentación que se considere pertinente para avaliar a situación de vulnerabilidade social.

ARTIGO 7.- SUBSANACIÓN E REFORMULACIÓN DE SOLICITUDES.

Cando a solicitude non reúna os requisitos sinalados no artigo 66 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou non se acompañe a documentación esixida, requirirase á persoa interesada para que, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, considerarase desistida na súa petición poñendo fin ao procedemento.

As Bases que rexen estas axudas non prevén a posibilidade de reformulación de solicitudes, establecida o artigo 27 da Lei Xeral de Subvencións, sen prexuízo da corrección prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ARTIGO 8.- RÉXIME DE RECURSOS CONTRA A RESOLUCIÓN

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou produciuse a súa desestimación por silencio administrativo.

ARTIGO 9.- VALORACIÓN

Na valoración das axudas, a traballadora social de referencia, terá en conta que a solicitante e a súa familia ou unidade de convivencia se atope nunha situación de necesidade social e que os ingresos totais da unidade familiar sexan inferiores ao importe anual do IPREM vixente o ano de formular a solicitude, en cómputo de 12 meses.

No caso de que o/a solicitante constitúa unha familia monoparental con menores a cargo, ou con persoa con valoración de dependencia ou discapacidade a cargo, incrementarase nun 0,80 % o número de persoas computables.

ARTIGO 10.- XUSTIFICACIÓN

As persoas beneficiarias están obrigadas á xustificación das axudas concedidas, como mínimo na cantidade igual ao importe concedido no prazo de **quince días hábiles (15)** desde a data do ingreso da axuda na conta bancaria que designe, e, en todo caso, o 30 de xaneiro de cada ano, para aquelas axudas concedidas na mesa do mes de decembro anterior.

ARTIGO 11.- PROCEDIMENTO DE NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE

As axudas denegadas serán notificadas, preferentemente por medios electrónicos, a cada solicitante con indicación da causa de denegación. As axudas concedidas, serán publicadas no taboleiro de anuncios de cada centro no que se preste atención social, garantindo o anonimato das persoas beneficiarias.

ARTIGO 12.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "**SIUSS**", co

obxecto de xestionar o presente procedemento e informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é o Concello de Arteixo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Alcalde do Concello de Arteixo, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Rúa Alcalde Ramón Dopico, núm. 1, 15142 Arteixo (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a alcaldia@arteixo.org.

ARTIGO 13.- REMISIÓN NORMATIVA

En todo o non recollido nesta disposición aplicarase o disposto nas Bases publicadas no BOP número 8 de 14 de xaneiro de 2.025; na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Ordenanza municipal núm. 26 reguladora da concesión de subvencións municipais publicado no BOP do 23/04/2018; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, *General de Subvenciones*, e no seu Regulamento publicado no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, ademais de toda aquela que pola súa materia específica sexa aplicable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.- ENTRADA EN VIGOR

Esta convocatoria entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín oficial da Provincia.